

COMUNICADO DE PRENSA

O Concello de Viveiro levanta as restricións ao uso da auga

- *As analíticas confirman que a calidade da auga cumpre cos parámetros esixidos pola normativa vixente*

Viveiro, 11 de xuño de 2025. O Concello de Viveiro informa de que quedan **levantadas as restricións ao uso da auga da rede municipal de abastecemento**, en vigor desde o pasado 7 de xuño.

A decisión foi adoptada tras comprobar que os **resultados das analíticas realizadas tanto nos depósitos como nos distintos puntos da rede municipal cumpren cos parámetros esixidos** no Real Decreto 3/2023, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga.

Restablecida a subministración habitual desde a captación do río Landro e garantida a seguridade sanitaria, o Concello agradece á veciñanza a súa colaboración e prudencia durante estes días.

Máis información

Correo electrónico: prensa@donapubli.com

Teléfono: 670 326 801